

O NADAL



XLV
certame
de
xornalismo

certame
de
poesía



Declarado de interese turístico galego pola Xunta de Galicia (D.O.G. 4-11-2014)

XLV CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

LOGOTIPO:

XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:

XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:

XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»

DEP. LEGAL LU 149-2021

XLV CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL



Concello de Begonte

ARREDOR DO NADAL

Benvidos todos, de novo, a Begonte. Benvidos todos, de novo, ao Belén que neste ano celebra –coincidindo co Ano Santo Compostelano– a súa quincuaxésima edición, e o próximo 2022 o primeiro medio século.

Agardando que se confirmen os favorables pronósticos en relación coa saúde colectiva, de novo abrimos as portas físicas do Belén, mantendo sempre abertas as portas intanxibles da Rede que o pasado ano nos permitiron seguir mantendo contacto coa nosa gran familia, reforzando a nosa vida virtual que temos que seguir facendo medrar agora e no futuro.

Vivimos tempos difíciles para a relación entre as xentes, para esa relación de confluencia, convivencia, comunión, que o Belén facilita e promove, por iso nos parece especialmente importante que este ano poidamos de novo acoller visitas físicas ao Belén, de nenos e maiores, de familias, de amigos... que nos vaian a chegando a unha desexada normalidade que agardeemos sexa a situación definitiva.

Begonte do Belén segue a agardar polos amigos do Belén, por todos os que neste xa longo

tempo de existencia desta instalación relixioso-cultural-social teñen visitado esta chairega casa de todas as xentes de boa vontade que no Nadal atopan aquí garimosa acollida.


Que o Neno que cada ano nace entre nós nos acolla e nos conforta, nos axude a superar tempo e circunstancias difíciles, e que siga a facer de Begonte e o seu Belén o punto de referencia dos galegos que buscan paz, cultura, sinxeleza, fraternidade, sempre e de xeito especial neste tempo do Nadal.

Que esta oración poética do chairego Crescente Vega, nos valla de leda plegaria para comenzar cada un dos nosos días:

Bendita a vida e o amor.

Bendita Nosa Señora.

Bendito Noso Señor.

A handwritten signature in black ink, appearing to read "Jesús Domínguez Guizán". The signature is fluid and cursive, with some loops and variations in letter height.

Jesús Domínguez Guizán, Presidente do Centro cultural José Domínguez Guizán



POESÍA

XLV CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro cultural José Domínguez Guizán de Begonte —entidade que promove o Belén Electrónico—, co gallo do Nadal 2020 ven de convocar o XLV Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal, que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuña de Sargadelos.

- 6 A remisión de orixinais farase por triplicado ao Centro cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil vinte e un.
7. Todos os traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), Nadal de 2020.

BASES

FALLO DO XURADO DO XLV CERTAME DE POESÍA «BEGONTE E O NADAL»



FALLO DO XURADO

Reunido o xurado do XLV CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL, convocado polo Centro cultural José Domínguez Guizán, formado por: JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN, Presidente do Centro cultural convocante; XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO, escritor e XULIO XIZ RAMIL, xornalista, acordan emitir o seguinte fallo:

- 1.- Conceder o Primeiro premio, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos ao poema EN BEGONTE, UN DÍA... do que resultou ser autor Baldomero Iglesias Dobarrío, Mero, residente en Xanceda-Mesía, A Coruña.
- 2.- Outorgar o segundo premio, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos ao poema PERDIDO NA NEBOA, peresentado co lema «Zanfoneiro», por Carlos López Fernández de Vilalba, Lugo.
- 3.- Pola calidade dos traballos presentados, acórdase conceder cadansúa MENCIÓN DE HONRA, dotada con estatuíña de Sargadelos aos poemas:

ANO CERO EN BELÉN, presentado por Rafa Vilar, residente en Bertamiráns - Ames (A Coruña) e

UN NADAL SEN PANDEMIAS, orixinal de Martiño Maseda Lozano, de Xoibán - Vilalba.

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil



BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (*Mero*)

Baldomero Iglesias Dobarrio (*Mero*), naceu en Vilalba en 1951. É mestre. Fundador de *Fuxan os Ventos* e *A Quenlla*, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.

Premio Pedrón de Ouro 2009 e Premio Ramón Piñeiro 2011, ten publicados varios libros de poesía, sendo o máis recente *No perfil das verbas*.

En Begonte, un día!

Foi en Begonte,
unha estrela no alto ceo
unha luz, unha arela, un misterio
unha esperanza certa que remata co secreto
no medio da noite negra, no medio do frío inverno.

Aínda hoxe,
cando chega o tempo
nótase no aire o seu regreso.
Recende o fume das cociñas das casas,
na orixe do fogar, na calor xorde o nacemento.

É a morada dos encontros,
onde se anovan apertas, memorias,
nostalxias caídas entre as folerpas de tenrura
ao redor dun lume, e pasan a formar da vella irmandade
que degrae muxicas, esencias de paz e novas vontades.

E quizais este ano,
debido ás causas que sabemos,
poderemos apartar mellor dos sucedáneos,
daquel embriagado concepto que perturbaba o Nadal
e esquecía, precisamente o amor.

Volveremos pasmar
ao redor da familia, non moita xente,
no abrigo dos afectos e coa ansia das esperanzas
lonxe dos ruídos, co seu significado de sempre
esa dimensión que marca un novo ciclo,
o rexurdimento dunha nova Luz,
que en realidade é tan antiga como o mundo.

Di a historia
que foron alá, moi lonxe, os feitos aqueles
que se queren evocar, mais calquera lugar do mundo
podería ser aquel Belén, o de Nazaret.

Na mesma Terra Cha,
onde se repite, ano tras ano, sen estridencias,
cando chega o frío, aquel feito glorioso
de cando vence a Luz ás tebras.

Celébrase en Begonte
e coa auténtica espiritualidade dun modesto Portal,
tamén coa calor dos corazóns chairegos,
só submisos aos salmos do amor.


Veñen pastores, labregas e labregos,
ferreiros, zoqueiros, escritoras, pintores, poetas
tecedeiras do tear que tece as esperanzas
ao pé de cada horizonte e coa memoria das nostalxias.

Chegan coa manteiga e o mel de agasallo.
Hai xogares e trobadoras
nun tempo novo
que cantan arrolos e panxolas.
Cando recende o Nadal,
móvense as figuras ano tras ano, para dar a Boa Nova
que naceu O Neno na Noiteboa.

A fariña miúda
botada a man fai o milagre da neve.
Pontes, ríos de prateado leito reflecten as estrelas
que locen no medio das nubes de algodón
prendidas cun fío, coas vivas arelas.
Camiños, lugares, muíños,
e ao lonxe, no alto, o castelo de Herodes;
e os Magos que irán vindo a poucos,
cargados de ilusión e soñados obsequios.

Celebraremos a ledicia de chegar por fin
ao Portal e alí poder cantarlle, en galego,
afagos e arrolos, tenruras de alentos
e o desexo de paz, que recende amores
na fe de altos ceos.

O noso nacemento,
tivo que ser en Begonte,
pois gardan a feliz memoria daqueles momentos.



CARLOS LÓPEZ FERNÁNDEZ

Fillo de nai e pai chairegos, naceu e criouse en Ferrol. Estudou no Seminario de Mondoñedo, no Instituto da súa cidade natal e na Universidade de Santiago. Traballou como docente en colexios de Cataluña e de Galicia. Obtivo diversos premios literarios, varios deles no Belén de Begonte.

Perdido na néboa

Zanfoneiro

Malvivín moi tempo no baleiro
e quedei sen más azos que os que deixa unha historia
de promesas esmelladas e camiños desandados.
Se frecuentei escolas de relustre e sona varia,
tan só devín foreiro dun universo alleo
que outros me arrendaron por un tempo mal tasado.
Funme envolvendo coma mazaroca de millo
en capas de espurias primaveras
e de incertezas farisaicamente aclamadas;
e cando ao fin chegou o intre da colleita
esfollei a miña alma coa avidez do mergullante
que nunca da un respiro ata o límite do alento.
E veleiquí o froito do desvelo:
mans aferradas a un fardo cheo de vento
e pés coma buxainas xirando sempre igual.
Malia a todo, seguín
e seguín camiñando sen collar cara ningures,
e seguín camiñando,
e seguín e seguín...
Ata que un xélico día de sieiro e de corisco,
perdido polas serras da Carba e do Xistral,
quixo a miña estrela empoñerme por aquí,
por este lugar de lagoas que espellan os piñeiros
e correntes que levan mazás dos pumariños;
por esta terra de fragas e pasteiros
onde o río é un bo vedraño que vixía o armentío;
por este nobre sitio onde houbo en tempos idos
pazos soarengos e castelos ameados

que deixaron un remol nos ollos que áinda brillan.
Todo foi tal cual, como agora vos direi:
abateuse de socato sobre o campo dos meus ollos
unha néboa abrancuzada que detivo sen dó
o paso que eu levaba, indeciso e bambeante.
Doridamente cego, ventei que dende o ignoto
algún lobo axexaba o roxelo esgarriado.
Perdín os tentos de todos os meus membros
e mesmo o acordo que tanto me compría.
Cando o ceo así o dispuxo,
espertei coa languideza da animalia que hibernou
e unha luz diminuta coma o ollo dun peizoco
acenoume escintilante dende o fondo do camiño.
Perante min foise abrindo un sollado iluminado
que as pantasmas doutros tempos teimaban por negar.
Receoso coma quen non sabe de agasallos
refreguei os meus ollos unha e outra vez,
agardando que todo fora unha illusión,
un fugaz ronsel no ceo, un espellismo, unha miraxe,
mais ela seguía alí,
teimosa e persistente,
faro de naves en noite sen luar.
Funme achegando pasenijo
coma tartaruga de illargas pandidas
polo peso dunha carga que frea o seu andar.
O alancar vigoroso doutros anos
mudouse nesta hora
en lene obstinación de volvoreta

que busca co sixilo das súas ás
vieiros segredos cara o nunca revelado.
E así foi que ao fin cheguei á porta dun belén
afastado do pobo nun recanto recollido
onde o caserío xa empeza a clarexar.
Ao chamar cos meus cotonos na xélida madeira
unha man brumosa con mitóns de encaixe branco
perfilouse dende a nada como grande marabilla
e unha voz sentín que abrollaba dende o fondo:
—«Este é tempo de pandemias e o pesebre doutros anos
non podemos amosar cal cadra nestas datas:
siga en paz o seu camiño, cabaleiro de fasquía apesadada,
e agarde nova anada para virnos visitar».
—«Non son persona abastada nin veño con imperios,
só pido algo de palla estrada polo chan
para pasar esta noite ao abeiro da tormenta».
—«Se é así, apuxe a porta e traspase o seu lintel,
porque onde hai un belén nunca falta a caridade.
Só lle pido a cambio
que non faiga argalladas nin maldades raposeiras
que perturben as figuras e a súa maquinaria».
—«Perda o seu coidado, que son home de lei
e nunca raspiñero, xurafaz nin armadanzas,
por mais que o pardomonte que levo por vestido
non acaia propiamente co que acabo de dicir».
A man esvaeceuse e eu vinme xusto dentro
dun pesebre ateigado de figuras en penumbra
que inundaban todo o espazo de recendos siderais.

Cando ao fin me estendín enriba do chan duro
acendeuse sobre o berce aquela luz pequerrechiña
que os meus pasos guiara pola néboa tenebrosa.
E vin o rostro de Xesús acabado de nacer,
infante de pel albela e de ollos cristalinos
como areas assolladas no fondo do mansío
dun regato limpo e claro.

Hipnotizado do misterio
e anainado pola calma do belén na escuridade
fun caendo sen sentilo nun sopor indomeñable.

E entón falou o Neno ollando cara min:
—«Eu son a vida e a verdade.

Escóitame e abandona
esa senda tortuosa de voltas e revoltas
que non levan a bo porto.

O belén que te acobilla é moito máis
que un fato de figuras de donosos movementos,
é unha alegoría para os que andan pola vida:
as pezas van e veñen en harmoniosa sincronía
actuando solidarias con todas as demais;
nunca se deslean do traballo que as libera ,
e non esquecen a beleza da terra e mais do ceo:
a das montañas, a dos ríos e a das noites estreladas;
discorren entre pontes, monumentos e sendeiros
habitando humanamente o espazo en que as puxeron.

E eu estou no centro
coma punto en que converxen todos os camiños,
mais non coma señor de forca e de coitelo

senón coma un meniño humilde sobre a palla.
Por iso isto che digo e pido que me sigas:
ti es tamén figura
dun mundo que se move cal se fora un gran belén:
acompassa os teus pés aos de todos os irmáns
sen querer empoleirarte por riba dos demais,
traballa pola paz e axuda a construír
un mundo de consensos en que todos teñan voz.
Sal da cuncha onde te pechas taciturno
e axota os pesadelos que rillan a túa mente,
mergúllate no fondo desa alma arrevesada
e mira polo neno que aínda levas dentro:
a vida é alegría e non tribulación,
obradoiro de beleza ao que todos son chamados
para que xuntos algún día consigan concluír
o proxecto máis fermoso da irmandade universal».

E aquí calou o Neno e fixose o silencio.

Os meus ósos descansaron non sei por cantas horas
ata a primicia da mañá que abreu o novo día.
Espertei cos peteiros das pombas no lousado
e o roxe-roxe dun ratiño bulindo polas pallas.

Abrín os ollos e outra volta contemplei aquela man tan misteriosa
que agora a porta abría p(a)ra encetar outra xornada.

Deixei o meu belén, que era o de Begonte,
e saín coa ledicia do que sabe xa por fin
a onde o levan os camiños que ten de percorrer.



RAFA VILAR

Rafa Vilar (Cee, 1968) é filólogo e escritor. Foi un dos promotores do Batallón Literario da Costa da Morte e da colección de poesía Letras de Cal. Participou na creación da editora dixital Retaguarda Edicións e forma parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Como poeta, publicou unha ducia de libros. Entre outros: *A sotavento dunha singradura* (1995); *Casa ou sombra* (1997, premio Cómaraos Verdes); *Días de Sherazade* (2000, premio concello de Carral); *Escoración dos días* (2007, premio Eusebio Lorenzo Baleirón); *Migracóns* (2008, premio Cidade de Ourense); *Erosións* (2017, premio Victoriano Taibo); *A cidade e a chuvia* (2019, premio Selic Compostela). Como autor de poesía infantil publicou *Acuarelas* (2009); *Patente de corso* (2012, premio Arume de poesía para nenos/as) e *Animalario estrafalarío* (2013).

Ano cero en Belén

Imperial Roma e tirana,
dun Neno anda á procura,
nado en humilde portal
en Belén e baixo a lúa.
Aqueles choros primeiros
a longa noite acubilla,
daquel botado aos camiños
da ferida Palestina.

*Ailalalá / Ailalalelo,
chegado é/ a nós o Neno.*

Da palabra fixo luz
o destino desafiando,
do poder medo non tivo,
con sangue nos pés descalzos.
Vinte séculos van xa
segundo a Historia nos conta,
o seu credo e os seus actos
deixaron pegada fonda.

*Ailalalá / Ailalalelo,
chegado é/ a nós o Neno.*

De mercadores no templo
alertou con gran caraxe,
ensinanza inesquecível
para toda a humanidade.

Samaritana a súa vida,
multiplicou pans e peixes,
sobre as augas camiñou,
a súa morte foi semente.

*Ailalalá / Ailalalelo,
chegado é/ a nós o Neno.*

No deserto en cada area
inda os seus pasos resoan,
na inmensidade do mundo
arde viva a súa memoria.
Desde a chairega Begonte
ata a Fisterra mareira,
aquei Neno feito Home
é cáliz da nosa Terra.

*Ailalalá / Ailalalelo,
chegado é/ a nós o Neno.*



MARTIÑO MASEDA LOZANO

Escritor e licenciado en Filoloxía Hispánica pola USC. Dinamizador cultural, administrador de Culturalia GZ (web coorganizadora do Certame de Microrrelatos de Vilalba, o Certame de Poesía Torre de Caldaloba ou o Magosto Cultural Cal da Loba) e ata abril de 2021 presidente da A. C. Caldaloba.

Gañador de máis dunha vintena de premios literarios de poesía e narrativa. Ten publicados os relatos *Todo por unha teima*, *O mercenario* e *Omnisciencia*, e os poemarios *Diario dun ser perdido*, *Nos labirintos da alma*, *Entre as paredes do silencio*, *Fotogramas da desfeita*, *Xeografía da desolación*, *Ti, (Des)Amor*; *A linguaaxe das palabras rotas* e *Mapa de xeografía emocional*. Tamén publicou o disco de poemas CRACK, xunto ao músico Marcos Maoxu.

Un Nadal sen pandemias

Outro ano consumido,
De cobizas e folgos esgotados
Loitando cunha pandemia de inimigo
Que quere vernos derrotados;
Mais imos pintando no camiño
As cores da esperanza, paso a paso.

E así retorno co desexo do agarimo,
en sombras cruelmente afastado,
a este belén entre solsticios
segundo o vieiro estrelado
que me leva a ese belo paraíso
nas terras de Begonte deseñado
polo enxeño do Varela unido
co afán de don Xosé, sempre lembrado.

A vella casa agarda no seu niño
da Chaira dos afectos enlazados,
coa faciana aberta do poxigo
e a enxebreira tinguida no lousado.
Abro e entro, paseniño,
Con sixilo de neno enfeitizado
que me leva a ese calor antigo
da cociña de rostro enferruxado.
Xa estou no lar, atado fío a fio
Que me conecta con ese berce amado:
a esencia proxenitora,fondo suspiro
pola chegada do fillo ansiado.

Tres corazóns latexan nun brío
De emocións que nunca tiñan murchado,
E que van escorrentando o duro frío
Que deixou en nós o virxinal pecado.
Miro para o meu paí que vai vencido
Polas loitas ingratas dun pasado
Que lle anegou de fendas o espírito
E uns brazos de labrego derrotado.
A miña mai alenta con cariño
As eivas do pensamento desnortado
que busca a quentura dun abrigo
no presebe do Nadal sempre soñado.

Fundidos nunha aperta os tres xuntiños,
Sendo UN nese abrazo prolongado
que nos fai esquecer o irto friso
de sentirnos tanto tempo afastados.
Que ledicia, meu Deus, o noso fillo
atópase aquí ao noso lado,
berran os dous nun roto chío
que racha os muros de inverno tan xeados.
E a casa quece co noso arrimo,
De sorrisos e verbos acougados
Que deixan no ánimo dorido
os matices da ledicia ben pintados.
Non importa o espazo esvaecido
nin os sentimentos xa gastados,
fica en nós o firme auxilio
de sabernos con agarimo acompañados.

Este Nadal é coma un río
polo que firmes navegamos
cara a ese tempero construído
de suxeitos tristemente enmascarados.
Pais e fillos en hábito unidos
Con alento fraternal engaiolado
nese amor que se fai infindo
e nin o coronavirus dá rachado.

Belén da Chaira, verso espido
pola voz de Begonte declamado,
para seres sublime bebedizo
daquel que anda desamparado.
Ao teu lume correr ansío
para avivar o meu azo malpocado
e alento a esperanza de sabernos vivos
para compartir a quentura dos abrazos,
nunha era anovada de sorrisos
que orballe un Nadal no que amarnos.

sanal para levar,
ousas da vida, cheo de avanço e
inversais, nosos devanceiro
dos dos nosos, inxenio e
n habilidade, inxenio e
a.
arredor é tamén un
ropicio para arte e
ra a ledicia medre e
iva naminhos más
más, a
sua, a
lúa, a
parpadexa...
ata o amencer dun
no que se arriba a cotián
vida e do traballo armo
Nunha xuntanza do gre
o protagonismo dos Reis
o recimento: Neno Deus, e
o piano: S. Xosé, re
carón do S. Carmellos, re
nde viaxe,
mas, un
nas, un

PRENSA

XLV CERTAME DE XORNALISMO «BEGONTE E O NADAL»

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte (Lugo), entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da Xunta de Galicia e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o XLV CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL», de acordo coas seguintes bases:

- A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal, revista ou en internet, en lingua galega ou castelá, algúun traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e -en xeral- ó Nadal en Galicia.
- B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:
 - PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.- 600 euros e estatuña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO.- 300 euros e estatuña de Sargadelos.
- C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro de 2021, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.
- D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constar os datos persoais do autor. No caso de traballos en internet, texto impresu e indicación da páxina onde está publicado.

Begonte (Lugo), Nadal de 2020.

BASES

FALLO DO XURADO DO XLV CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL»



FALLO DO XURADO

O xurado calificador dos traballos presentados ao XLIV CERTAME XORNALISTICO “BEGONTE E O NADAL”, formado por JAVIER ARIAS FOUZ, Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Lugo; JOSE ULLA ROCHA, Alcalde de Begonte; BLANCA PACÍN SOMOZA, Bibliotecaria; e JOSÉ RODRÍGUEZ GÓMEZ, Secretario da entidade convocante, acordando conceder os seguintes Premios:

- PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 600 euros e estatuña de Sargadelos ao traballo titulado «O Belén de Begonte peregrina aos nosos fogares», do que é autor Santiago Rodríguez López, lucense residente en Bristol (Reino Unido).*
- SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuña de Sargadelos, a «Felicitacion navi-deña del abuelo», de Jose Reinaldo Pol González (Pepe Pol), de Quiroga.*
- Pola calidade do seu traballo concédese MENCION DE HONRA, dotada con estatuña de Sargadelos, a «El Belén electrónico de Begonte en estas extrañas fiestas», de Luis Latorre Real, de Lugo.*

O SECRETARIO DO XURADO



José Rodríguez Gómez



SANTIAGO RODRÍGUEZ LÓPEZ

Fillo de emigrantes galegos, nace en Barcelona no ano 1971. Licenciado en Bioloxía e doutor en Xenética pola Universidade de Santiago de Compostela, traballa como Profesor Titular na Universidade de Bristol (Inglaterra) desde 2006. A partir de 2018, inicia a súa traxectoria como autor literario, publicando na Biblioteca Virtual de Galicia Dixital catro obras arredor da vida e obra do seu pai, o escritor de Paradela Manuel Rodríguez López: *En torno á parábola das cereixas de Xulio Xiz* (2018), *Poemas Populares Galegos. Edición especial 50 aniversario 1968-2018* (2018), *A Paradela de Manuel Rodríguez López* (2019), *Exposición Itinerante Manuel Rodríguez López 2013-2020* (2020) (co-autor xunto a Antonio Giz), e tres relatos: *Turbulencias curriculares* (2019), *Dos paráboas de amor* (co-autor xunto a May C. Otero Rolle) (2020) e *Sintiendo lo que fui* (2021). Este é o seu segundo premio literario, despois de que no ano 1985 aca-dase o segundo premio no XXV Concurso Nacional de Redacción (fase provincial) convocado pola Fundación CocaCola.

O BELÉN DE BEGONTE PEREGRINA ÓS NOSOS FOGARES

Onte, poucos días despois de asisitir á entrega dos premios do Certame de Paradela, puiden visitar de novo o Belén de Begonte. Isto non tería nada de especial, se non fose porque vivo a miles de kilómetros de distancia de Paradela e de Begonte, e a última vez que respirei aires galegos foi hai xa doce meses.

Normalmente a nosa longa emigración —van xa dúas décadas— vese compensada cada ano por vacacións en Galicia no verán e no Nadal. Pero a pandemia fixo que neste triste 2020 non puidéramos visitar a nosa terra e os nosos seres queridos. E aquí estamos, en Bristol, a miña dona, o meu fillo e máis eu. Os tres padecendo o que ben se podería definir como unha saudade, versión século XXI. Sen dúbida moito más levadeira cá dos emigrantes galegos que ó longo do século XX fuxiron en percurso de pan e de traballo á outra beira do Atlántico, a alonxados países europeos ou a outras terras españolas. Distinta cá deles, si, pero saudade do mesmo xeito, ferinte e fonda.

A ausencia da terra mai e das persoas vese en parte consolada no meu caso por unha mistura de lembranzas de tempos idos. Tamén, gracias a Deus, polos bos momentos que tamén puidemos disfrutar ó longo deste ano que nos tocou vivir. Entre estes, atópase a miña visita ó Belén de Begonte que vos veño de contar, unha visita tan inesperada como ben recibida. Todo gracias a que neste ano, en vez de ser nós os romeiros que visitan Begonte, foi o propio Belén electrónico o que peregrinou virtualmente dende a Terra Chá ó noso lonxano fogar. Con el, trouxo mensaxes

xenuinas —esperanza, amor, fe, ilusión, paz, bondade...— harmonizadas pola historia, a paisaxe e a lingua. E transmitiuños, un ano máis, a Boa Nova do Neno-Deus na noite sagrada do seu Nacemento.

Como se dunha película se tratase, pasan pola miña lembranza ontes vivenciais que perduran no tempo... sonos e pasados fuxidos imposibles de reescribir... ficcións enxendradas por esperanzas dun futuro mellor.

Un día para a lembranza

—Avoño, o Cosme díxome que os Reis Magos non existen.

—¿E logo, Xaniño, por qué che dixo tal cousa?

—¡Dixo que ningunha persoa podía vivir máis de dous mil anos!

—Non che é certo de todo, meu gazafurriolo. Hai persoas que si poden vivir tanto tempo, e máis aínda.

—Non será tal... —replicou descrido o pícaro rebuldeiro.

—¿Queres velo cos teus propios ollos, non si?

—¡E como non hei querer!

Pouco tempo despois, Xan encetaba con Xaniño o camiño cara Begonte, debullando cantares polos vieiros da Terra Chá, para peregrinar unha vez máis á capital do Nadal en Galicia.

Ó entrar na sala do Centro Cultural Xosé Domínguez Guizán, atoparon á dereita, impidente, o Belén electrónico de Begonte. Ducas de nenos e maiores sentados nas gradas agardaba

na entrada, como prescribe o ritual, dun último espectador. A este privilexiado lle foi concedido un momentáneo descanso da crueza invernal da espera, arrexuntado cos demais no calor da sala. Péchase a porta e procédese a dar comezo á función.

A sorpresa de Xaniño ó ver un Belén tan grande e tan ben posto trocouse en abraio cando comezou a funcionar recreando, con escenñas chairegas, o nacemento do Neno Xesús que acontecera en Belén hai dous milenios.

—Mira avoño ¡como se move o muíño! ie a auga do río! ie as persoas tamén se moven...!

—Acouga Xaniño... ti fíxate ben nos detalles, que así saberás por qué algunas persoas poden vivir dous mil anos, ou máis.

A atención de Xaniño non daba feito. O rapaciño non daba creto do que estaba a ver e sentir. Diante del, a fermosura da vizosa paisaxe chairega, surcada por regatos... pequenos outeiros e lombas verdes, presidida ó final por unha serra... A escena acubillaba o muíño, as casas, a torre, os alpendres, as pontes feitas de pedra... todo inspirado na arquitectura rural galega, ofrecendo unha exacta panorámica do noso ancestral xeito de vivir, aquel dos galegos da Terra Chá. O conxunto era testemuña viva da ciclicidade cotiá na que xermolou a nosa eterna salvación, dende o mencer ata a noite presidida pola lúa e as estrelas, coa presencia de néboa, tebras, lostregos, tronos, chuvia.

Pero foron as figuras en movemento as que máis atraían a atención do rapaciño. A brillan-

tez técnica acadada polo chorado José Rodríguez Varela daba vida a un cento de figuriñas que, con automáticos movementos coreografiados e en perfecta sincronía electrónica, transmitían fermosamente tantas realidades certas que acobillaban un pedazo da nosa historia. O segador, o alfareiro, o muiñeiro, o carpinteiro, o pescador tentando sacar a troita do río, a vida de persoas sinxelas, traballadoras, representadas no seu traballo diario nun entorno herdado dos seus pais. E, por riba de todos, María e Xosé arrollando amorosamente ó Meniño no barrelo, e os Reis Magos encamiñándose cara o pesebre. Ó mesmo tempo, gardas armados patrullando no címo da torre almenada do poderoso Herodes...

Cando rematou a función, a emoción de Xaniño expresouse en forma de preguntas e comentarios dirixidos ó seu avó.

—¿Viches o pescador, e os que cortaban a árbore caída, e como se movía o muíño?... ¡E había soldados no castelo!... ¡E fixose noite, e houbo raios e tronos, e de día chovía e vin un arco da vella de verdade no ceo!... ¡Ah, e tamén vin ós tres Reis Magos viaxando dende lonxe para darrle regalos ó Neno Xesús!

Xan respondeu estas preguntas e moitas outras tantas froito da desbordada fascinación do seu neto. Detalloulle en qué consistía a tarefa ancestral que estaba a desenvolver cada persoa representadoa naquel nacemento. Pero non tivo a oportunidade de contarlle por qué hai persoas e mensaxes que chegan a vivir tantos anos. Non fixo falla. A semente depositada en Xaniño

aquela noite en Begonte xermolaría co tempo, ofrecendo a resposta axeitada anos máis tarde, cando o neno medrou e se fixo home.

Un anaco de ceo en Begonte

